

# De traballadora da Ribeira a patroa maior

Mulleres mariscando, sachando os campos de area, é case unha imaxe icónica da vida costeira galega. Esta actividade outorgoulles a posibilidade de acceder ao alimento de xeito inmediato e obter ingresos rápidos. Sentáronse así as bases dunha certa autonomía e liberdade persoal que con todo mantivo o marisqueo como unha actividade complementaria, sen recoñecemento nin prestixio social. Era tan só “un diñeiriño que viña extra á casa” (M.C.V., Lourizán).

Esta situación fíxose moi evidente a partir da segunda metade do século XX, tempo no que se consolidou como unha actividade secundaria, que permitía ter uns ingresos que compatibilizaban, a maioría, con outras profesións, sen pretender gañar un salario mínimo.

Esta falta de valorización do marisqueo como unha profesión estaba moi relacionada con que “non estaba controlado, non pagabas seguro, era algo un pouco libre”. Chegábase incluso a considerar que o gañado eran “cartos roubados ao mar” e que se obtiñan, malia o esforzo, nun ambiente no que se desfrutaba porque “hai que reconcelo, incluso as mariscadoras vellas se desvivían pola ribeira”. (M.C.V., Lourizán).

A partir de mediados dos 90 tentouse profesionalizar este oficio a través dunha serie de leis autonómicas que deron en modificar o traballo de mariscadora tal e como se coñecía. Xa nos anos 60 houbo un primeiro precedente lexislativo. Tras a crise da sardiña, milleiros de mulleres e tamén homes dedicáronse ao maris-



queo para fornecer de moluscos as conserveiras, sendo de novo unha actividade complementaria e sen recoñecemento. Para poder controlar a cantidade de persoas nas praias, en 1963 creouse o primeiro texto normativo polo que se exixía ter carné de mariscadora -oficialmente denominouse “carné de mariscador”- e cuxa obtención era bastante sinxela. Delimitábanse tamén épocas de veda, que as mariscadoras tentaban sortear indo “á roubeta”, como elas mesmo recoñecían.

#### CARA Á PROFESIONALIZACIÓN NOS 90

Na segunda metade dos 90 e de xeito paralelo á promulgación de normativas autonómicas, iníciase un proceso de profesionalización da actividade marisqueira. Inicialmente foi necesario ter un permiso de explotación do marisqueo, Permex, tamén relativamente sinxelo de obter. Posteriormente, esixiuse estar dada de alta na seguridade social, así como ter seguro laboral. Ademais, canalizouse a venda a través da lonxa e buscouse integrar as mariscadoras dentro das confrarías, estruturas para a defensa das actividades pesqueiras e marítimas nas que as mulleres até entón non tiveran presenza. Con este obxectivo creáronse dentro das confrarías as Agrupacións de marisqueo. A través delas implicouse ás mariscadoras nos labores de cría e cultivo, limpeza das praias, rareos, vixilancia e no control na praia, para supervisar os topes de captura e tamaños mínimos.

A consecuencia destes requisitos e accións foi que o traballo na ribeira adquiriu trazos de maior profesionalidade á vez que supuxeron unha incomodidade para aquelas que vestían o marisqueo como un traxe que se pon en función das necesidades máis inmediatas. Recordan en Etribela que “Era marisqueo libre; non tiñas onde meter o legón de tanta xente que ía. Viñan de Figueirido, de Marcón... e cando cocían viñan cun caldeiriño coller os berberechos e os mexillóns para faceren empanadas. Agora non se pode levar nada para comer; só se pode levar para vender”.

As mulleres que ían á ribeira pasaron a ser mariscadoras por obra e graza das leis dos 90, feito que non estivo exento de polémica. A principal resistencia por parte das mulleres deuse ante a obriga de teren que pagar as cotas de autónomas e un seguro laboral como única vía para legalizar a actividade. Houbo mulleres que directamente abandonaron; “moitas deixaron o carné porque non querían asumir o pago desa seguridade social (...). Naquel entón, ou entrabas ou marchabas” (M.C.V., Lourizán).

O feito de ter que vender a través da lonxa, ao principio tamén levantou suspicacias xa que disminuía a facilidade e o inmediato co que conseguían ingresos (na actualidade cóbrase arredor dunha semana despois). Até entón “viña un cliente e xa pagaba en man. Non se controlaba ese diñeiro, é dicir, era diñeiro negro. Ade-



mais, como non había cotas nin moito menos non che xeraba gastos. Todo eran beneficios” (M.J.M., Lourizán).

A lonxa fixo esmorecer outro negocio no que participaban moitas mulleres: a compra-venda a pé de praia e nas casas próximas ao areal. Exercer de intermediaria entre as mariscadoras e os/as clientes finais era unha actividade habitual que segundo as mariscadoras supoñía grandes beneficios. “Aquel negocio que tiñan, acabóuselle e nós salimos gañando en precio” (M.J.M., Lourizán). “Gañamos en poder adquisitivo, en non vir tan cargadas, porque eu acórdome de traer os caldeiros cos bordes cheos de area para que non se che caera pola carretera; poñíaslle unha muralliña ao redor.” (M.C.V., Lourizán).

#### MEMBROS ACTIVOS DAS CONFRARÍAS

As confrarías actuais son herdeiras das confrarías de mareantes, que datan do século XIV. Nelas congregábanse os pescadores de baixura para xestionar de xeito colectivo os recursos e defender os seus intereses. Durante séculos e malia as transformacións sufridas nestas formacións, as mulleres non só non tiveron presenza nos órganos de dirección, e polo tanto ningunha capacidade de decisión sobre a produción do marisco que fose no seu beneficio, senón que nalgunhas non se admitían como socias.

A partir de 1996 rómpese esta dinámica. As mulleres comezan a ocupar postos de representación máis alá das recentemente creadas agrupacións de mariscadoras. Irromperon nestas entidades tradicionalmente masculinas para reivindicar e dar voz á súa actividade, a pé nas leiras de area, con sachos e caldeiros, botas de auga (cando as houbo) e defender o traballo que lle aprenderon nais e avoas e do que pretendían vivir.

Unha das pioneiras foi Faustina Solloso Vale, quen en 1996 foi elixida patroa maior do Vicedo. Máis próximas, atopamos outras mulleres que asumiron o desafío de entrar nun mundo que lles fora vetado: María del Carmen Cortegoso (Vilaboia), Rita Míguez de la Iglesia (Arcade), María del Carmen Simón (San Telmo de Pontevedra) e María del Carmen Vázquez Nores (Lourizán) entre moitas outras.

As confrarías seguen sendo o órgano principal de representación e malia a ampla participación das mulleres nos labores do mar, a súa presenza nestes órganos é ínfima, e está case sempre relacionada co marisqueo. O peso das mulleres á hora de dirixir o sector é moito menor que á hora de traballar. Falta aínda por camiñar.

*Grazas a María del Carmen Vázquez Nores e a María Jesús Martínez da confraría de Lourizán por nos axudar a construír este anaco da memoria recente das mariscadoras.*